

Ciências sociais



TEMA 7

Recordamos...



- Depois da 1^o República (1873-1874) restaurouse a monarquía. A esta etapa chamouse Restauración e comezou co reinado de Afonso XII. Afonso XII faleceu e a súa muller Cristina exerceu a rexencia ata que o seu fillo Afonso XIII cumplíu 16 anos.
- En España, o século XX comeza co reinado de AFONSO XIII, foi proclamado rei en 1902. Durante o seu reinado houbo unha serie de crises que conduciron a súa desaparición.

REINADO DE AFONSO XIII

PROBLEMAS (conflictos sociais e políticos)



Folgas

Folga Xeral 1917

Nacionalismo

A guerra de Marrocos

- Semana trágica de Barcelona
- Desastre de Annual

Definicións



- **Sindicato:** é unha asociación de traballadores cuxo obxectivo é a defensa dos intereses profesionais, económicos e laborais das persoas.
- **Folgas:** Forma de protesta dos traballadores consistente no cese do traballo feito de común acordo co fin de conseguir melloras laborais ou sociais.

DEFINICIÓNS




Unha **ditadura** é un réximen político no que unha soa persoa goberna con poder total, sen someterse a ningún tipo de limitacións e coa facultade de promulgar e modificar leis a súa vontade.

Exilio: Pena que consiste en expulsar ou facer saír a unha persoa dun país ou dun territorio.

Golpe de estado: Acción que consiste en tomar un grupo de persoas o goberno dun país, con violencia e de forma ilegal; xeralmente realízase por militares ou con apoio dun grupo armado.

A **democracia** é un sistema político que defende a soberanía do pobo e o dereito do pobo a elixir e controlar aos seus gobernantes.





2 Primo de Rivera

Profile ▾

Networks: 3 Militar español

Relationship Status: 4 Dictador 1923-1930

Birthday: 5

Hometown: 6

TravelPod

≡ ✕

View Photos of You (5)

Edit My Profile

You are online now



Friends in Other Networks



6 **Perfil:** gústame viaxar, estiven en Marrocos, Cuba e Filipinas.

A constitución de 1876 non é para min, prefiro mandar eu.

7



Education and Work

edit

Ditadura Primo de Rivera



- En 1921 ocorreu o desastre de Annual, en Marrocos. Moitas soldados españois morreron e o resto da poboación española estaba moi descontenta.
- En 1923 Primo de Rivera deu un golpe de Estado, accedendo ao poder pola forza. Instaurou unha ditadura, asumiu todos os poderes do Estado, suspendeu a Constitución, prohibiu os partidos políticos e os sindicatos

Primo de Rivera



- Contou co apoio de Afonso XIII
- Gañou a guerra de Marrocos.
- Construíu liñas de ferrocarril.
- Construiu estradas.
- Deu un golpe de Estado, tomando o control absoluto do Estado.
- Dimitiu en 1930.

FIN DO REINADO DE AFONSO XIII

A fin da monarquía

Cando Primo de Rivera deixou o poder, Afonso XIII mandou formar un novo goberno que restaurase a Constitución e convocase eleccións.


O 12 de abril de 1931 celebráronse eleccións municipais e nelas venceron os partidos políticos que apoiaban unha república.

Ante este resultado, Afonso XIII renunciou ás súas funcións e deixou España camiño do **exilio**.



3 Afonso XIII na inauguración do metro de Madrid en 1919.

Cronograma



Rey

- 1874 - 1885 Alfonso XII
- 1886 - 1931 Alfonso XIII²

Presidente del Consejo de Ministros

- 1874-1875 Antonio Cánovas del Castillo
- 1931 Juan Bautista Aznar-Cabañas





Presidente de la República

- 1931-1936 Niceto Alcalá-Zamora
- 1936 Diego Martínez Barrio (interino)
- 1936-1939 Manuel Azaña

Presidente del Consejo Nacional de Defensa

- 1939 José Miaja

CONSTITUCIONES EN ESPAÑA



A Segunda República

A Segunda República

O 14 de abril de 1931, despois de que Afonso XIII abandonase España, proclamouse a Segunda República ¹ e nomeouse presidente a Niceto Alcalá Zamora.

Ese mesmo ano, aprobouse unha nova **Constitución** e implantouse un sistema político democrático, en que se estableceron, entre outras cousas:

- **O sufraxio universal.** Por primeira vez recoñéciase o dereito das mulleres a votar. España foi un dos primeiros países europeos en que se recoñeceu este dereito ás mulleres. ²
- **A separación entre o Estado e a Igrexa.** A relixión católica deixou de ser a relixión oficial en España.
- **A creación de rexións autónomas.** En 1932 aprobouse o Estatuto de Autonomía de Cataluña e en 1936, o do País Vasco, e votouse o de Galicia.

As reformas da Segunda República

Durante os primeiros anos da República levouse a cabo unha ampla política de reformas co obxectivo de modernizar o país. Por exemplo:

- **A reforma agraria.** Repartíronse terras entre as familias de campesiños para mellorar as súas condicións de vida e, á vez, aumentar a produción agrícola.
- **A reforma da ensinanza.** Construíronse miles de escolas por todo o país para impulsar a educación. ³
- **A reforma laboral.** Entre outras medidas, estableceuse un salario mínimo e reduciuse a xornada laboral.

Moitas destas medidas non foron aceptadas polos sectores máis conservadores. Os enfrontamentos entre os partidarios da República e os seus inimigos volvéronse cada vez máis frecuentes e tamén máis violentos.

Preguntas comprensión



- Que é unha democracia?
- Que é unha ditadura?
- Que é un golpe de Estado?
- Que é unha folga?
- Que é un sindicato?
- Cal é a principal diferenza entre unha Monarquía e unha República?